



**XUNTA DE GOBERNO**

**SESION ORDINARIA DE DEZANOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**

**(ACTA NÚMERO 43)**

**Presidente:**

D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo

**Secretario:**

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **dezanove de outubro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día quince de outubro de dous mil dezaeito, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

### **2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DO CONCELLO DE O CORGO SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DUN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Resultando que por acordos do Pleno desta Deputación Provincial en sesións ordinaria de 27 de febreiro e 29 de maio de 2018, respectivamente foron aprobadas as Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.

Resultando que a Alcaldía do Concello de O Corgo solicita a través de escrito de data 7 de setembro de 2018, unha modificación do proxecto dun dos investimentos incluídos no Plan Único concretamente a obra nº 74: “Construción de beirarrúas na N-VI, tramo P.K. 487 +700 – 487+950, marxe dereita, incluído honorarios”, ao que acompaña proxecto reformado e quedarían incluídos no Plan Único 2018 da maneira que se indica: “Reformado do proxecto de construción de beirarrúas na N-VI, tramo P.K. 487 +700 – 487+950, marxe dereita”, cun orzamento de 55.500,00 euros e incrementado nos honorarios sen producirse variacións na achega de Deputación e incrementando a achega por parte do Concello en 13.500,00 euros.



Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Corgo, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto da actuación indicada, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 modificado nos investimentos de dito Concello, nos seguintes termos:

PLAN ÚNICO 2018	IDENTIFICACIÓN OBRA OU SERVIZO MUNICIPAL 2018, INVESTIMENTOS				AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS NECESARIAS		
CONCELLO		IDENTIFICACIÓN			PRECISA		NON PRECISA
		CANTIDADE DESTINADA A ACHEGA DEPUTACIÓN	DA DA	APORTACIÓN MUNICIPAL	TOTAL FINANCIAMENTO	TEN	
O CORGO	74	IDENTIFICACIÓN	REFORMADO DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARÚAS NA N-VI, TRAMO DO P.K. 487+700 A 487+950, MARXE DEREITA, INCLUÍDO HONORARIOS.				
		FINANCIACIÓN	45.360,00	13.500,00	58.860,00		

**2º.-** Someter esta modificación do Plan Único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

**3º.-** Dar traslado do presente acordo ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos nas datas establecidas nas bases do Plan Único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso.

**3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE O VALADOURO SOLICITANDO UNHA NOVA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DUN INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Resultando que por acordo do Pleno desta Deputación Provincial, nas sesións ordinaria e extraordinaria de datas 28 de marzo e 16 de xullo de 2017, respectivamente, foron aprobadas as Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Resultando que pola Xunta de Goberno de data 27 de outubro de 2017 e do 3 de agosto de 2018 foron adoptados acordos de concesión de prórroga para a adxudicación do investimento denominado “Adquisición de terreos futuro Polígono Industrial” (nº 250), ata o 31 de outubro de 2018.

O Concello de O Valadouro incluíu ao abeiro do Plan Único 2017 os seguintes investimentos:

VALADOURO (O)	149.455,56 €	249	IDENTIFICACIÓN	ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL AVENIDA DA DEPUTACIÓN				
			FINANCIACIÓN	17.916,96	0,00	17.916,96		
		250	IDENTIFICACIÓN	ADQUISICIÓN TERREOS FUTURO POLÍGONO INDUSTRIAL				
			FINANCIACIÓN	131.538,60	15.919,65	147.458,25		

Resultando que a Alcaldía do Concello de O Valadouro, a través de escrito de data 11 de outubro de 2018, solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos (compra) dos investimentos “Adquisición terreos futuro polígono industrial - (nº 250)”, e incluído no Plan Único 2017, ata o día 01 de decembro de 2018, e a xustificación do mesmo ata o 15 de decembro de 2018.

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda.

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Valadouro, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación (compra) do investimento indicado, debendo de remitir a esta Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación (compra) do contrato ou do acordo de execución por administración.



CONCELLO	Nº OBRA PLAN ÚNICO 2017	PRÓRROGA ADXUDICACIÓN (compra) ATA	PRÓRROGA XUSTIFICACIÓN ATA
VALADOURO	250	01-12-2018	15-12-2018

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de O Valadouro para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

**4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA SOLICITANDO A APLICACIÓN DOS REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DO INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.**

Resultando que por acordo do Pleno desta Deputación Provincial, nas sesións ordinaria e extraordinaria de datas 28 de marzo e 16 de xullo de 2017, respectivamente, foron aprobadas as Bases Reguladoras e o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

Resultando que por escrito da Alcaldía do Concello de Navia de Suarna solicita a aplicación dos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

O Concello de Navia de Suarna presentou Anexo III de obras incluídas en dito Plan relacionando os importes de baixas que se indican a continuación:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
147	ACONDICINAMENTO DAS RÚAS DO ENTORNO DA IGREXA DA PROBA DE NAVIA, INCLUÍDO HONORARIOS	14.785,76€

Así mesmo por escrito de data 16 de outubro de 2018 o Concello solicita a aplicación destas baixas nas seguintes actuacións, constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ACONDICIONAMENTO DA RÚA CANTALARRANA, INCLUÍDO HONORARIOS	14.785,76€	0,00€	14.785,76€

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Navia de Suarna, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente as actuacións que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
NAVIA DE SUARNA ACONDICIONAMENTO DA RUA CANTALARRANA, INCLUÍDO HONORARIOS	14.785,76€	0,00€	14.785,76€

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Navia de Suarna para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

**5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE LUGO.- “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MANTEMENTO DE CANILES E EDIFICACIÓNS EXISTENTES E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS DA PROTECTORA DE ANIMAIS DE LUGO”.**

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra LUGO.- “Proxecto básico e de execución de mantemento de caniles, edificacións existentes e ampliación de edificacións e instalacións da protectora de animais de Lugo”.



Os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) y 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Servizos desta Deputación. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico ao efecto que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento. Incorporárase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.

Na Acta de reformulo previo estendida con data 1 de outubro de 2018, reflíctese que se comprobou a realidade xeométrica das obras proxectadas e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras ás que se refire a acta existe dispoñibilidade dos terreos axeitados para a normal execución das obras.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, de Medio Ambiente e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar inicialmente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- “Proxecto básico e de execución de mantemento de caniles e edificacións existentes, ampliación de edificacións e instalacións da

protectora de animais de Lugo”, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto por importe de 314.270,31 €, dos cales 54.542,78 € corresponden ao IVE (21%).

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para a execución dos fins comúns consistentes na “Dotación dunha cuña quitaneves, ano 2018”*

Logo de ver que D. José Luís Raposo Magdalena, Alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público-público), de data 9 de outubro de 2018 ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo. Aporta memoria para a realización conxunta polo Concello de Pedrafita do Cebreiro e esta Excma. Deputación Provincial, das actuacións de: “Dotación de cuña quitaneves”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente: Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este equipamento.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de Pedrafita do Cebreiro e esta Entidade Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de





executar os fins comúns anteriormente amentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN
DOTACIÓN DUNHA CUÑA QUITANEVES	18.150,00
TOTAL	18.150,00

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Pedrafita do Cebreiro, da Provincia e da cidadanía en xeral da actuación sinalada, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
2018	18.150,00€

Concello de Pedrafita do Cebreiro: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para a execución dos fins comúns consistentes na “Dotación dunha cuña quitaneves, ano 2018”, cun orzamento total de 18.150,00 €; a achega desta Entidade ascende á contía de 18.150,00 €.

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte desta Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 18.150,00€ con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Deputación para a anualidade 2018.

**Segundo.-** *Proposta relativa ao Convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excmá Deputación Provincial á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Santa Cruz e Capela de Ove, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da “Melloras silvícolas e forestais no miradoiro de Ove”, na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Santa Cruz e Capela de Ove co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto consistente en “Melloras silvícolas e forestais no miradoiro de Ove”, polo importe de 15.518,36 €.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 2 que leva por título Medio Ambiente das recollidas, na Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente do Plan estratéxico de subvencións para as anualidades 2017, 2018 e 2019 aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017 e a actualización correspondente á anualidade 2018 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de marzo de 2018, xa que na mesma se recolle o obxectivo de impulsar a realización de actividades medioambientais que contribúan a conseguir un equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e para a protección e conservación do medio ambiente.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.518,36 €, a favor da entidade Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Santa Cruz e Capela de Ove para sufragar os gastos derivados da actuación “Melloras silvícolas e forestais no miradoiro de Ove“, subvención incluída na liña 2 que leva por título Medio Ambiente da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente desta Deputación Provincial.

**2º.-** Aprobar o gasto de 15.518,36 €, con cargo ao vixente orzamento desta Entidade Provincial para o ano 2018, a favor da entidade Comunidade de Montes Veciñais en Man Común



Santa Cruz e Capela de Ove, para sufragar os gastos derivados da actuación anteriormente amentada.

**3º.-** Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

**Terceiro.-** *Proposta relativa ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba”, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Acondicionamiento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara” na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto de “Acondicionamiento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara”, polo importe de 49.875,00€ co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 24.937,50€ con dispensa de garantía.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o presente ano 2018 foi aprobada por acordo do mesmo órgano o 16 de marzo de 2018, xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 49.875,00€ a favor da entidade Asociación de Amistad y Solidaridad de Láncara con Cuba, para sufragar os gastos derivados do proxecto de “Acondicionamiento y reforma de centro de interpretación de “Casa Láncara” subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

**2º.-** Aprobar o gasto de 49.875,00€ con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación de Amistad y Solidaridad de Lán cara con Cuba, para sufragar gastos derivados do proxecto anteriormente mentado.

**3º.-** Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

**Cuarto.-** *Proposta relativa á modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Pol para a execución de fins comúns consistentes en: “Adquisición de terreos para construción de área de xogos tradicionais e de ocio, en Mosteiro”.*

Resultando que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 29 de xuño de 2018, foi aprobado o Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Pol, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: “Adquisición de terreos para construción de área de xogos tradicionais e de ocio, en Mosteiro”. Con data 3 de xullo de 2018, asinouse dito Convenio

Resultando que Don Lino Rodríguez Ónega, Alcalde do Concello de Pol, achega escrito a través do que solicita unha prórroga no prazo de execución ata o 1 de decembro de 2018 e de xustificación ata o 15 de decembro de 2018”.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a modificación ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Pol, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: “Adquisición de terreos para construción de área de xogos tradicionais e de ocio, en Mosteiro”. de tal xeito que a data límite para executar as actuacións incluídas no Convenio sexa o 1 de decembro de 2018 e a data límite para presentar a xustificación sexa o 15 de decembro de 2018.



**Quinto.-** *Proposta relativa á Addenda ao Convenio de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial, Concello de Lugo e a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo consistentes nas obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de Lugo”, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018.*

Resultando que con data 29 de xuño de 2018, pola Xunta de Goberno foi aprobado o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excm. Deputación Provincial, Concello de Lugo e a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, para executar obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal”, nunha parcela situada no municipio de Lugo, coa obriga de adicar ó establecemento os fins sinalados no Convenio, a disposición dos Concellos de Lugo, Pastoriza, Riotorto, Begonte, O Corgo, Becerreá, Portomarín e Castroverde e coa determinación sempre, que sexa posible, dentro dos parámetros de benestar animal e de organización e financiación, de esténdelo aos Concellos próximos que o soliciten. O orzamento total ascendía a contía de 314.973,85€ coincidente coa achega da Deputación, con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Entidade para a anualidade 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Modificar a cláusula primeira, cuarta do Convenio de cooperación entre esta Deputación Provincial, o Concello de Lugo e a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo consistentes nas obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal, situado no municipio de Lugo”, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía 8.428,54€ (que sumados ao importe anteriormente consignado de 314.973,85 € suma un total de 323.402,39€) con cargo ao vixente Orzamento Xeral desta Entidade Provincial para a anualidade 2018.

**Sexto.-** *Proposta relativa á segunda Addenda ao Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial ao Monte Veciñal en Man Común de Cumbraos para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reparación e bacheo de camiños na parroquia de Cumbraos - Monterroso (Lugo)” na anualidade 2017.*

Resultando que pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 29 de decembro de 2017 foi aprobado o Convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial ao Monte Veciñal en Man Común de Cumbraos para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reparación e bacheo de camiños na parroquia de Cumbraos - Monterroso (Lugo)” na anualidade 2017, por importe de 11.000,00€, e formalizado en documento administrativo, de data 14 de febreiro de 2018.

Resultando que o Presidente do Monte Veciñal en Man Común de Cumbraos, achega solicitude con data 3 de outubro de 2018 e completada a medio de documento achegado ao Servizo de Contratación e Fomento en data 10 de outubro de 2018, de prórroga no prazo de xustificación dos gastos recollidos ao abeiro do Convenio de referencia asinado en data 14 de febreiro de 2018.

Logo de ver a Addenda ao Convenio asinado entre esta Excma. Deputación Provincial e o Monte Veciñal en Man Común de Cumbraos, foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de xullo de 2018 e formalizada en documento administrativo de data 1 de agosto de 2018.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar a Segunda Addenda ao Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial ao Monte Veciñal en Man Común de Cumbraos para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Reparación e bacheo de camiños na parroquia de Cumbraos - Monterroso (Lugo)”, incorporada ao expediente, e por medio da cal se modifica a cláusula Undécima do Convenio, quedando redactada do seguinte xeito:

“Undécima.- Prazos de xustificación.



Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 20 de novembro de 2018. Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada. O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

Cando conorra causa de resolución do Convenio e existan actuacións en curso de execución, tales como a tramitación necesaria para a aprobación da conta xustificativa achegada polo beneficiario e para o aboamento do importe da subvención, mediante a subscripción deste Convenio, as partes asinantes, acordan a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun ano, salvo casos excepcionais que deberán ser debidamente motivados, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas”.

## **7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE REINTEGRO DO ANTICIPO DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DO BEN EMPREGADO II.**

Resultando que con data 27 de marzo do 2015 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de fomento de emprego e a economía dos sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado II Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da Provincia de Lugo (BOP) o 31 de marzo co nº 73.

Resultando que con data 24 de xuño do 2015 foron publicadas no BOP nº 143 a listaxe das entidades beneficiarias ca cantidade asignada a cada unha delas, así mesmo e con data 25 de febreiro de 2016 publícanse no BOP nº 45 as novas entidades beneficiarias, respectando a lista de reserva antes mencionada e a asignación orzamentaria entre as que se atopaban as seguintes entidades:

EXPEDIENTE	ENTIDADE	CANTIDADE
1274/2015	LÁCTEOS CASA MACÁN S.L.U.	22.000,00€
722/2015	VARELA GONZÁLEZ, JONATHAN	20.000,00€
1116/2015	FERNÁNDEZ PARADELA, ENRIQUE	18.000,00 €
569/2015	GANADERÍA CASA TRISTO, S.C.	10.975,68€

Unha vez que as entidades mencionadas dan de alta ós traballadores seleccionados, na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidas na solicitude e se comproba e verifica a documentación aportada pola empresa e requirida na base 15 do programa Ben Empregado II Fase I, a efectos de xustificación, emítase Resolución da Presidencia relativa ó pago dos anticipos, segundo se reflicte no seguinte cadro:

EXPEDIENTE	ENTIDADE	SUBVENCIÓN	1º ANTICIPO	DATA PAGO	2º ANTICIPO	DATA PAGO	TOTAL ANTICIPADO
1274/2015	Lácteos Casa Macán S.L.U.	22.000,00€	11.000,00€	26/02/2016	9.900,00€	21/09/2016	20.900,00€
722/2015	Varela González, Jonathan	20.000,00€	10.000,00€	17/02/2016	-	-	10.000,00€
1116/2015	Fernández Paradela, Enrique	18.000,00 €	9.000,00€	26/02/2016	-	-	9.000,00€
569/2015	Ganadería Casa Tristo, S.C.	10.975,68€	5.487,84€	08/06/2016	-	-	5.487,84€

Dende esta Deputación Provincial remítese notificación ás entidades mencionadas requirindo a documentación precisa para a xustificación da subvención outorgada; con data 24 de xullo de 2018, ó non ter resposta das entidades beneficiarias ou ben esta ser insuficiente, acordase por Resolución da Presidencia, en base o incumprimento do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, da Base 15 do Programas Ben Empregado II, e de acordo o procedemento contido no título VI, Capítulo II da Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común o seguinte: O inicio do procedemento de reintegro, nomeamento do órgano instrutor e a apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.





Con data 7 de agosto de 2018 remítese notificación a tódalas entidades mencionadas, abríndose trámite de audiencia cun prazo de 15 días hábiles dende a súa recepción para alegar ou presentar documentación que as entidades estimen pertinente. A data de recepción de tódalas entidades foi o 8 de agosto de 2018 , non se recibiu ningún tipo de contestación por parte dos interesados.

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Extinguir o dereito o goce da subvención por incumprimento das obrigas da subvención de entregar a esta Deputación Provincial toda a documentación requirida nas bases.

2º.- Reintegrar as cantidades anticipadas segundo se recolle no seguinte cadro:

EXPEDIENTE	ENTIDADE	TOTAL ANTICIPADO
1274/2015	Lácteos Casa Macan S.L	20.900,00€
722/2015	Jonathan Varela González	10.000,00€
1116/1015	Enrique Fernández Paradela	9.000,00€
569/2015	Ganadería Casa Tristo SC	5.487,84€

**8.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO SORTEO DE ENTRADAS PARA OS ENCONTROS OFICIAIS DE LIGA ACB DO C.B. BREOGAN SAD E DA LIGA 123 DO C.D. LUGO.**

Esta Entidade Provincial pon en marcha a presente iniciativa derivada da colaboración achegada polos dous clubs de Lugo de primeira categoría estatal (CB Breogán SAD e CD Lugo), nas súas respectivas disciplinas coma un medio mais de promoción e achegamento da poboación de toda a provincia de Lugo ao deporte a través da redes sociais, fomentando deste xeito o acceso aos distintos partidos que no seu caso disputen ambos equipos como locais as fins de semana ata o 31 de decembro de 2018.

As entradas son fornecidas polos dous clubs citados e o proceso do seu sorteo realizarao esta Deputación a través das súas redes sociais institucionais (Twitter e Facebook) co apoio de ferramentas informáticas automáticas.

Na liña de artellar o mecanismo do sorteo é na que se insiren as presentes bases de participación e, tal e como estas determinan, as entradas ás competicións deportivas obxecto do sorteo non implican ningún tipo de custo ni para esta Entidade, nin para os participantes, nin para os/as gañadores/as do devandito sorteo.

Tendo en conta os informes dos Servios de Deportes, de Contratación e Fomento e de Intervención así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aprobar as bases do sorteo de entradas para os encontros oficiais de Liga ACB do CB Breogán SAD e da Liga 123 do CD Lugo.

## **9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS.**

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de novembro de 2015, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2015, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 031 do sábado 7 de febreiro de 2015, da asociación que se detalla na táboa, polo importe sinalado:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
ASOC. ALBATAIRA	ADQUISICIÓN DE MATERIAL E VESTIMENTA XIMNASIA	585



**10.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS NO EIDO DO AUTOMOBILISMO PARA A ACTIVIDADE COMPETITIVA (RALLYS DE ASFALTO, TERRA E MONTAÑA) DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2016.**

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2016, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a deportistas individuais no eido do automobilismo para a actividade competitiva (rallys de asfalto, terra e montaña) da provincia de Lugo, na anualidade 2016, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 278 do sábado 3 de decembro de 2016, dos deportistas individuais no eido anteriormente amentado e que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

NOME E APELIDOS	IMPORTE
JESÚS MANUEL MOURELOS VARELA	1.967,00 €
MARCOS DÍAZ DIAZ	960,00 €

**11.- PROPOSTA DE ACORDO AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DE VARIAS PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**

Tendo en conta que o obxecto desta convocatoria é proceder a convocar os procesos selectivos para a provisión definitiva das prazas do cadro de persoal funcionario, que a continuación se indican, polo sistema de Concurso- Oposición Libre.

Caracterización das prazas:

GRUPO E SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	Nº VACANTES	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	DATA PUBLICACIÓN BOP
			Nº POSTO		
A/ A1	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	868	Técnico/a Superior en Arquivística	OEP 2016 BOP de 28/12/2016 (Nº 297)
			1346		
A/ A1	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	867	Psicólogo/a	OEP 2017 BOP de 30/12/2017 (Nº 298).
			1344		
A/A2	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Medios	1	880	Técnico/a de Información Profesional para Demandantes de Empleo	OEP 2017 BOP de 30/12/2017 (Nº 298). Modificación: BOP de 11/10/2018 (Nº 234)
			1424		
A/A2	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Medios	1	855	Técnico/a de Xestión Medio Ambiental	OEP 2017 BOP de 30/12/2017 (Nº 298).
			1339		
A/A2	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Medios	1	854	Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas.	OEP 2017 BOP de 30/12/2017 (Nº 298).
			1338		

Tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a provisión definitiva das seguintes prazas:

Grupo e Subgrupo	Clasificación	Nº Vacantes	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN
			Nº POSTO	
A/ A1	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	868	Técnico/a Superior en Arquivística
			1346	



A/ A1	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	867	Psicólogo/a
			1344	
A/A2	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Medios	1	880	Técnico/a de Información Profesional para Demandantes de Empleo
			1424	
A/ A2	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Medios	1	855	Técnico/a de Xestión Medio Ambiental
			1339	
A/ A2	Escala de Administración Especial; Subescala Técnica; Técnicos Medios	1	854	Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas.
			1338	

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivos estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 29 de setembro de 2017 (publicadas no BOP núm. 241, 20/10/2017).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas correspondentes probas selectivas

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo; e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao DOG e BOE.

## **12.- PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS ENTRE FUNCIONARIOS/AS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Resultando que por acordo Plenario de 29 de maio de 2018 foi aprobada definitivamente a proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Trabajo desta Deputación provincial, publicándose no Boletín Oficial da provincia de Lugo, número 190 de 20 de agosto de 2018.

Unha vez aprobada a RPT, á vista das necesidades dos distintos servizos desta Deputación Provincial, constatándose que na vixente Relación de Postos de Trabajo, as funcións de un determinado número de postos veñen sendo realizadas, de forma provisional, en comisión de servizos ou en outras formas de desempeño temporal; constatándose tamén, que a maiores do

sinalado figuran outros postos vacantes, dotados; considerando así mesmo necesario, para garantir o bo funcionamento dos servizos, que estes postos sexan desempeñados con carácter definitivo, faise preciso iniciar e levar adiante o procedemento correspondente para dar solución estable ás necesidades detectadas, provistando con carácter definitivo os postos de traballo que se relacionan a continuación e tal como constan no Anexo I das Bases da Convocatoria de provisión de postos de traballo de persoal funcionario desta Deputación Provincial.

Logo de ver a Relación de Postos de Traballo desta Deputación en vigor, na que os postos que se relacionan seguidamente e coas especificacións que constan no Anexo I figuraran vacantes dotados orzamentariamente, e reservada a súa provisión a funcionarios desta Deputación Provincial.

Logo de ver que as bases da convocatoria respectan os criterios establecidos nas normas antes sinaladas e que os criterios para a elaboración das bases da convocatoria foron aprobados, definitivamente, por unanimidade, na Mesa Xeral de Negociación de 11 de outubro de 2018.

Tendo en conta a Resolución da Presidencia desta Deputación, de 26 de xullo de 2018, pola que delega na Xunta de Goberno a atribución para aprobar as bases dos concursos para a provisión de postos de traballo.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º.-** Aprobado as bases para a provisión dos postos de traballo de persoal funcionario desta Deputación Provincial que se relacionan seguidamente, a prover polo sistema de concurso de méritos entre funcionarios desta Entidade.

#### POSTOS DE TRABALLO QUE SE CONVOCAN

A	ADXUNTÍAS XEFATURAS SERVIZO
A.1/A.2	2 ENXEÑEIRO CAMIÑOS, CANLES E PORTOS /ADXUNTO SERVIZO VÍAS E OBRAS



A3	ENXEÑEIRO INFORMÁTICO/ADXUNTO SERVIZO COMUNICACIÓN E TICS
A4	TÉCNICO ASESOR RRHH /ADXUNTO SERVIZO RRHH
B	XEFATURAS DE SECCIÓN
B.1	XEFATURAS DE SECCIÓN I
B.1.1	XEFE SECCIÓN I BENESTAR E IGUALDADE
B.1.2	XEFE SECCIÓN I CONTRATACIÓN
B.1.3	XEFE SECCIÓN I FOMENTO
B.1.4	XEFE SECCIÓN I INNOVACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
B.1.5	XEFE SECCIÓN I INSPECCIÓN TRIBUTARIA
B.1.6	XEFE SECCIÓN I MEDIOAMBIENTE
B.1.7	XEFE SECCIÓN I PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
B.1.8	XEFE SECCIÓN I VÍAS E OBRAS /ENX TÉCN OBRAS PÚBLICAS
B.1.9	XEFE SECCIÓN I XESTIÓN ORZAMENTOS (INTERVENCIÓN)
B.2	XEFATURAS DE SECCIÓN III
B.2.1	XEFE SECCIÓN III PATRIMONIO
B.3	ADXUNTÍAS SECCIÓN
B.3.1	ADXUNTÍA SECCIÓN XESTIÓN RECADACIÓN VOLUNTARIA
C	XEFATURAS DE UNIDADE
C.1	XEFATURAS DE UNIDADE I
C.1.1	XEFE UNIDADE I APOIO COORDINACIÓN E XESTIÓN TERRITORIAL
C.1.2	XEFE UNIDADE I RECURSOS DOUTROS ENTES
C.2	XEFATURAS DE UNIDADE II
C.2.1	XEFE UNIDADE II ADMINISTRACIÓN BOP
C.2.2	XEFE UNIDADE II APOIO E XESTIÓN ADMINISTRATIVA COMUNICACIÓN
C.2.3	XEFE UNIDADE II XESTIÓN ADMINISTRATIVA PRESIDENCIA
C.2.4	XEFE UNIDADE II XESTIÓN ADMINISTRATIVA E PROCURADURÍA
D	XEFATURAS DE NEGOCIADO
D.1	XEFATURAS DE NEGOCIADO I
D.1.1	XEFE NEGOCIADO I ACTAS
D.1.2	XEFE NEGOCIADO I APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA SECRETARÍA
D.1.3	XEFE NEGOCIADO I COLECCIÓN (MUSEO PROVINCIAL)
D.1.4	XEFE NEGOCIADO I CONTABILIDADE INFORMÁTICA RECADACIÓN
D.1.5	XEFE NEGOCIADO I DEVOLUCIÓN E FRACCIONAMENTOS (RECADACIÓN)
D.1.6	XEFE NEGOCIADO I GASTOS DE PERSOAL (INTERVENCIÓN)

D.1.7	XEFE NEGOCIADO I PLUSVALÍA E CIRCULACIÓN (RECADACIÓN)
D.1.8	XEFE NEGOCIADO I POXAS (RECADACIÓN)
D.1.9	XEFE NEGOCIADO I SUBVENCIONS
D.1.10	XEFE NEGOCIADO I TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA EXPROPIACIONES E CONTROL DE PROXECTOS
D.1.11	XEFE NEGOCIADO I TRIBUTOS VARIOS (RECADACIÓN)
D.2	XEFATURAS DE NEGOCIADO II
D.2.1	XEFE NEGOCIADO II APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA COOPERACIÓN CONCELLOS
D.2.2	XEFE NEGOCIADO II APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA SECRETARÍA XERAL ADXUNTA
D.2.3	XEFE NEGOCIADO II NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL
D.2.4	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA COOPERACIÓN E PROXECTOS
D.2.5	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA GRANXA
D.2.6	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRACIÓN PARQUE MÓBIL
D.2.7	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA PRESIDENCIA
D.2.8	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA REDE MUSEÍSTICA
D.2.9	XEFE NEGOCIADO II TRAMITACIÓN SUBVENCIONS E COORDINACIÓN VIXILANTES MEDIOAMBIENTAIS
E	COORDINADOR-XEFE II
E.1	COORDINADOR-XEFE II ADMINISTRACIÓN PREVENCIÓN
E.2	COORDINADOR-XEFE II ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN CULTURAL CENTRAD
E.3	COORDINADOR-XEFE II APOIO E ASUNTOS SOCIAIS
E.4	COORDINADOR-XEFE II RUTAS FLUVIAIS
F	RESPONSABLE COORDINADOR
F.1	RESPONSABLE COORDINADOR I
F.1.1	RESPONSABLE COORDINADOR I XESTIÓN TRIBUTOS CONCELLOS- INFORMÁTICA
F.2	RESPONSABLE COORDINADOR II
F.2.1	RESPONSABLE COORDINADOR II APOIO E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA RRHH
F.2.2	RESPONSABLE-COORDINADOR II NOVAS TÉCNOLOXÍAS RRHH
F.2.3	RESPONSABLE COORDINADOR II PLAN ÚNICO
F.3	RESPONSABLE COORDINADOR III
F.3.1	RESPONSABLE-COORDINADOR III PROCESOS SELECTIVOS
G	ENCARGADO II
G.1	ENCARGADO II INFORMACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ
H	PARQUE MÓBIL





H.1/H.2	2 ADXUNTO XEFE PARQUE MÓBIL
H.3	MAQUINISTA-CONDUTOR TRANSPORTISTA
H.3	MECÁNICO ESPECIALISTA

2º.- Convocar aos funcionarios/as que reunindo os requisitos establecidos nas bases da convocatoria desexen participar no procedemento de provisión dos postos de traballo da Deputación que se relacionan seguidamente e que constan no Anexo I das mencionadas Bases coas especificacións concretas en cada un deles.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e extracto da mesma no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no Boletín Oficial do Estado (BOE), así como a realización de cantos tramites sexan necesarios para a provisión dos postos que se convocan.

**13.- PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS ENTRE PERSOAL LABORAL FIXO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Resultando que por acordo Plenario de 29 de maio de 2018 foi aprobada definitivamente a proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Traballo da Deputación provincial, publicándose no Boletín Oficial da provincia de Lugo, número 190 de 20 de agosto de 2018.

Unha vez aprobada a RPT, á vista das necesidades dos distintos servizos desta Deputación provincial constatándose que na vixente Relación de Postos de Traballo, as funcións dun determinado número de postos veñen sendo realizadas, de forma provisional, en comisión de servizos ou en outras formas de desempeño temporal; constatándose tamén, que a maiores do sinalado figuran outros postos vacantes, dotados; considerando así mesmo necesario, para garantir o bo funcionamento dos servizos, que estes postos sexan desempeñados con carácter definitivo, faise preciso iniciar e levar adiante o procedemento correspondente para dar solución estable ás necesidades detectadas, provistando con carácter definitivo os postos de traballo que se relacionan

a continuación e tal como constan no Anexo I das Bases da Convocatoria de provisión de postos de traballo de persoal laboral fixo desta Deputación Provincial.

Logo de ver a Relación de Postos de Traballo desta Deputación en vigor, na que os postos que se relacionan seguidamente e coas especificacións figuraran vacantes dotados orzamentariamente, e reservada a súa provisión a persoal laboral fixo desta Deputación Provincial.

Logo de ver que as bases da convocatoria respectan os criterios establecidos nas normas antes sinaladas e que os criterios para a elaboración das bases da convocatoria foron aprobados, definitivamente, por unanimidade, na Mesa Xeral de Negociación de 11 de outubro de 2018.

Tendo en conta a Resolución da Presidencia desta Deputación, de 26 de xullo de 2018, pola que delega na Xunta de Goberno a atribución para aprobar as bases dos concursos para a provisión de postos de traballo.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos de Recursos Humanos e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar as bases para a provisión dos postos traballo de persoal laboral fixo desta Deputación Provincial que se relacionan seguidamente, a prover polo sistema de concurso de méritos entre persoal laboral fixo desta Deputación.

	POSTOS DE TRABALLO QUE SE CONVOCAN
A	COORDINADOR XEFE II
A.1	COORDINADOR XEFE II GRANXA
B	RESPONSABLES II
B.1	RESPONSABLE II MAQUINARIA GRANXA
B.2	RESPONSABLE II PORTERÍA, VIXILANCIA, SEGURIDADE EDIFICIOS DESCENTRALIZADOS
C	ENCARGADO I
C.1	ENCARGADO I MONTAXES, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO CENTRAD



2º.- Convocar aos empregados coa condición de persoal laboral fixo, que reunindo os requisitos establecidos nas bases da convocatoria desexen participar no procedemento de provisión dos postos de traballo da Deputación que se relacionan seguidamente e que constan no Anexo I das mencionadas Bases coas especificacións concretas en cada un deles.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia, así como a realización de cantos tramites sexan necesarios para a provisión dos postos que se convocan.

#### **14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 1197/2018.**

Vista a Providencia de data 3 de outubro de 2018 do Xulgado de Instrución nº 3 de Lugo, ditada nas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado nº 1197/2018, na que se fai ofrecemento de accións a esta Deputación Provincial, e se require que aporte factura dos danos ocasionados na denuncia formulada; a Xunta de Goberno, a proposta do Director da Asesoría Xurídica, por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no procedemento referenciado como parte prexudicada.

2º.- Que polos servizos que correspondan se faga a correspondente valoración de danos, tal e como require o Xulgado de Instrución nº 3 de Lugo.

#### **15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.